

Identidade

A acreditación asociada ás *Axudas para a acreditación, estruturación e mellora de centros de investigación singulares e agrupacións estratéxicas consolidadas do Sistema universitario de Galicia* esixe o cumprimento dunha normativa de publicidade asociada aos fondos FEDER.

Dada a complexidade da [instrución completa](#), aconsellamos aos investigadores do CiTIUS que contacten coas Unidades de Xestión da Innovación ou Infraestruturas para asesorarse sobre o seu correcto cumprimento.

Recoñecementos obrigatorios

De forma xeral, todo documento, software, web e calquera outro material publicado polo CiTIUS debe ter os logos da Unión Europea, a Xunta de Galicia, o logotipo turístico de Galicia, o logo do CiTIUS, o da USC e o do Campus Vida, seguindo as directrices expostas nesta páxina, en cumprimento coa instrución da Xunta.

Tamén é necesario incluír o texto **FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL “Unha maneira de facer Europa”**.

Posicionamento e tamaño dos logos

Norma xeral

O logotipo do CiTIUS debe usarse nun tamaño inferior ao do logotipo principal do traballo onde se expoña, en caso de que o teña, e con certa separación, de xeito que non pareza o logotipo principal nin parte deste.

En caso de ir xunto co logo do CiTIUS, o logotipo da USC debe ter o mesmo alto que o cadrado laranxa do logo do CiTIUS. O logo do Campus Vida debe ser aproximadamente un 30% maior.



O logo da Xunta de Galicia debe estar aliñado coa bandeira do logo da Unión Europea. O resto de

logos que os acompañen, incluíndo o logo turístico de Galicia (que debe ir á dereita de todo), deben ir ao 60% deste tamaño á súa dereita e centrados verticalmente co logo da Xunta de Galicia.



En caso de ir todos os logos no mesmo lugar, o logo máis grande debe ser o da Xunta de Galicia e o da Unión Europea. O resto, incluído tamén o do CiTIUS, debe ir ao 60% de tamaño. Neste caso, o logo do Campus Vida pode ser do mesmo tamaño que o cadrado laranxa do CiTIUS.



Cabeceiras de documentos

Para cabeceiras de documentos, deben aliñarse os logos da Xunta de Galicia e a Unión Europea na parte superior esquerda, e o resto de logos na parte superior dereita, co logo de Galicia sempre á dereita de todo.



Pés de páxina, webs, peches de documentos e finais de presentacións

Para pés de páxina, de webs, peches de documentos e finais de presentacións, debe invertirse a colocación dos logos. Primeiro o da Unión Europea, á súa dereita o da Xunta de Galicia, e á súa esquerda o resto de logos, co logo de Galicia á esquerda.



En caso de ir todos os logos no mesmo lugar, o logo de Galicia debe ir á esquerda de todo.



Para pés de documentos, ademáis de invertir a colocación dos logos, hai que aliñar os logos da Xunta de Galicia e Unión Europea á dereita, e o resto de logos á esquerda.



Versións en cor e branco e negro

Nos medios electrónicos é obrigatorio poñer os logos en cor. Nos medios non electrónicos, é posible utilizar versións en branco e negro segundo as guías da Xunta de Galicia, a Unión Europea e os organismos correspondentes.

Antigos logos FEDER

As instrucións cambiaron respecto a anos anteriores e xa non se poden utilizar os logos antigos de FEDER. A disposición correcta é o anagrama da bandeira co texto UNIÓN EUROPEA debaixo. O texto *Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional "Unha maneira de facer Europa"* non pode ir ao seu carón.



Logotipos

CITIUS

| Tipo | Descarga |
|--|---|
| Logotipo completo | PNG EPS |
| Variante horizontal | PNG EPS |
| Logotipo para fondo negro e cores escuras | PNG EPS |
| Logotipo para fondo laranxa ou unha cor vibrante | PNG EPS |

Outras entidades

| Entidade | Descarga |
|--------------------------|---|
| USC | PNG EPS |
| Campus Vida | PNG EPS |
| Xunta de Galicia | Todas as versións oficiais |
| Unión Europea | PNG EPS Guía do emblema |
| Galicia (logo turístico) | PNG EPS |

Documentos

| Tipo | Descarga |
|------------------------------|---|
| Modelo Documento Word CiTIUS | Modelo con portada Modelo sen portada |
| Formato Technical Report | Repositorio Gitlab |
| Plantilla para teses | Repositorio Gitlab |

Presentacións

| Tipo | Descarga |
|------------|--|
| LaTeX | Repositorio Gitlab Versión alternativa |
| HTML5 | Repositorio Github |
| PowerPoint | Office 2010 PPTX (Rev.2017, 4:3) Office 2016 PPTX (Rev.2017, 16:9) |

Fondos de pantalla

| Tipo | Descarga |
|-------------------------------------|---------------------|
| Fondo de escritorio laranxa | PNG |
| Fondo de escritorio logo 3D verde | JPG |
| Fondo de escritorio logo 3D laranxa | JPG |

From:

<https://wiki.citius.usc.es/> - **Wiki do CiTIUS**

Permanent link:

<https://wiki.citius.usc.es/centro:identidade:start?rev=1556537237>

Last update: **2019/04/29 13:27**

